



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Prácticas Externas

Materia	Prácticas Externas			
Código	P01M080V01204			
Titulación	Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1º	2C
Lingua de impartición				
Departamento	Historia, arte e xeografía Pintura			
Coordinador/a	Perez-Jofre Santesmases, Ignacio			
Profesorado	Cendan Caaveiro, Marina Susana Perez-Jofre Santesmases, Ignacio			
Correo-e	ipjsan@hotmail.com			
Web				
Descrición xeral	Coñecer a realidade laboral dos perfis profesionais mediante a inmersión no traballo cotiá en institucións e empresas relacionadas co ámbito da arte contemporánea e cos contidos e obxectivos específicos do módulo.			

### Competencias de titulación

Código			
A1	Ga) Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas dentro dun contexto interdisciplinar no ámbito das Belas Artes.		
A2	Gb) Capacidade de síntese, análise e pensamento crítico relacionado coa investigación e a creación artística.		
A4	Gd) Capacidade para integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir de informacións incompletas ou limitadas, que inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais, éticas e culturais vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.		
A5	Ge) Capacidade para expoñer e comunicar oralmente e por escrito os seus coñecementos a un público especializado e non especializado de xeito claro e sen ambigüidades.		
A6	Gf) Capacidade para adquirir habilidades de aprendizaxe que lle permita continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido e autónomo.		
A8	Eb) Capacidade para analizar e contextualizar tendencias artísticas innovadoras.		
A10	Ed) Coñecer e resolver problemas específicos dos procesos creativos en distintos ámbitos de produción artística.		
A11	Ee) Coñecer e saber manexar instrumentos, recursos e métodos para a produción creativa e artística.		
A13	Eg) Capacidade para valorar a realidade da creación artística contemporánea.		
A14	Eh) Capacidade para recoñecer a importancia do desenvolvemento persoal na planificación e produción de proxectos artísticos.		
A15	Ei) Capacidade para desenvolver traballo en equipo.		
A16	Ex) Capacidade de reflexión e de autocrítica.		
A17	Ek) Capacidade para comprender que a creación e a investigación son tarefas en continua innovación.		
A18	O) Capacidade para transferir os coñecementos adquiridos á práctica artística, investigadora ou profesional mediante os recursos e metodoloxías adecuados.		
A21	Eo) Capacidade para distinguir obras de arte e traballos de investigación innovadores. Ep) Coñecemento dos modos de presentación pública do TFM.		

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Tipoloxía	Resultados de Formación e Aprendizaxe

. Desenvolvemento do saber facer baseado na inserción preprofesional en contextos reais.	saber facer	A1
	Saber estar / ser	A2
. Capacidade para saber ser e estar nun escenario de traballo		A4
. Capacidade de desenvolver un traballo en equipos de carácter interdisciplinar, de acordo coas tarefas e funcións propias.		A5
. Capacidade para tomar decisións a partir da análise das necesidades e/ou demandas da realidade na que se desenvolven as prácticas.		A6
. Capacidade para recoñecer a importancia do desenvolvemento persoal na planificación e produción de proxectos artísticos.		A8
. Capacidade para transferir os coñecementos adquiridos á práctica artística, investigadora e/ou profesional mediante os recursos e metodoloxías axeitadas.		A10
		A11
		A13
		A14
		A15
		A16
		A17
		A18
		A21

## Contidos

### Tema

Tema 1	Subtema 1.1
Observación e análise das realidades sociais e institucionais que configuran o contexto da arte contemporánea no panorama autonómico, nacional e internacional.	Como se desenvolve un comisariado. Coordinación, deseño e práctica expositiva.
	Subtema 1.2
Tema 2	Edición de publicacións de arte e a súa distribución.
Deseño, desenvolvemento e avaliación de programas e proxectos creativos no marco privado e institucional.	

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	0	5
Traballos tutelados	10	0	10
Estudos/actividades previos	0	5	5
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	5	5
Prácticas externas	0	45	45
Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum	5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación aos estudantes por parte do coordinador sobre o proceso, desenvolvemento e institucións nas que se vai a facer a experiencia preprofesional que suponen as Prácticas Externas.
Traballos tutelados	- Contacto e coordinación entre o profesor coordinador das Prácticas Externas e o titor designado na institución.
	Seguimento da titoría dos estudantes nas institucións asignadas.
Estudos/actividades previos	Análise de documentación y recopilación de información necesaria para o desenrolo das prácticas
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Elaboración da memoria
Prácticas externas	Realización das prácticas externas na institución asignada.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos tutelados Cada alumno/a deberá obrigatoriamente poñerse en contacto co profesor coordinador das Prácticas Externas antes de comezar a fase das prácticas. O profesor coordinador decidirá as pautas concretas de desenvolvemento: datas e tipo de titorías, etc. A Memoria das Prácticas Externas ten, en todos os casos, carácter individual.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Seguimento das Prácticas Externas: Fundaméntanse nunha avaliación continuada do estudante polo profesor coordinador a través de titorías individualizadas ou en grupo que se convocarán ou acordarán coa suficiente antelación.	40
Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum	<p>1. Informe avaliativo do titor-colaborador: Permitirá tomar en consideración as valoracións realizadas polos responsables institucionais das Prácticas, nos centros colaboradores. A tal efecto, cada titor disporá de un modelo de informe no que deberá expresar os seus suizos sobre o labor desenvolto polo estudante no período de prácticas.</p> <p>2. Memoria das Prácticas Externas: Consiste nun documento no que o estudante presentará:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a. Contextualización das Prácticas</li><li>b. Descrición da experiencia mantida ao longo do período de estadía na institución: actividades específicas realizadas, recursos e técnicas empregados, etc.</li><li>c. Reflexións e valoracións sobre ela, dende o punto de vista académico</li><li>d. Autoavaliación na que consten referencias aos obxectivos acadados, grao de implicación persoal, etc.</li><li>e. A memoria será redactada con rigor académico -cuidando especialmente o léxico e a redacción- e seguindo unha sistematización apropiada que incluírá índice, introducción, bibliografía, anexos, etc.</li></ul>	60

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A data de entrega da Memoria é improrrogable. Só en casos excepcionais -principalmente cuestións relativas á propia institución de acollida ou en situación grave por parte do alumno/a- poderá ser ampliado o prazo polo profesor coordinador das Prácticas, sempre que esta consulta se faga coa suficiente antelación e as causas estean debidamente xustificadas.

Para superar a materia o estudante deberá cumprir as titorías establecidas, as horas de permanencia sinaladas na institución e entregar nos prazos acordados toda a documentación que xa se citou, nun único volume e baixo a denominación de **Informe Final de Prácticas Externas do Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación**(que integra a memoria requerida)

Aqueles estudantes que deban recorrer á convocatoria de setembro seguirán as mesmas pautas sinaladas neste programa, adaptadas fundamentalmente ás datas desa convocatoria, é dicir: deberán asistir ao número de titorías estimado necesario polo profesor coordinador, realizar as 50 horas de prácticas na entidade, e entregar o correspondente **Informe Final de Prácticas Externas do Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación** nos prazos correspondentes.

#### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Recomendacións**